

O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO CEIP ANTONIO BLANCO ROGRIGUEZ DE COVELO



1.-QUEN FORMA O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN NO CEIP ANTONIO BLANCO RODRIGUEZ?

- Un **Orientador/a**, que no curso escolar 2013-2014 é **Carla Cerqueira**.
- Unha mestra especialista en **Pedagoxía Terapèutica**, **Milagros Sambreijome**, que está a ser substituída por **Silvia González**.
- Un mestra/a especialista en **Audición e Linguaxe**, que no curso escolar 2013-2014 é **Verónica López**.

Ademais tamén forman parte deste Departamento:

- A coordinadora de E.I.
- O coordinador do 1º ciclo de E.P.
- A coordinadora do 2º ciclo de E. P.
- O Coordinador do 3º ciclo de E.P.
- A mestra responsable de E.I do CEIP de Valeixe.

2.- CALES SON AS FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN?

Seguindo o establecido no artigo 10 da **Orde do 24 de xullo de 1998** pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, regulada polo **Decreto 120/1998 (DOG 31 de xullo de 1998)** as funcións do Departamento de Orientación son as seguintes:

- a) Valora-las necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

- b) De acordo coas directrices establecidas no plan de orientación deseñado conforme o que se establece no artigo 13º da presente orde e da comisión de coordinación pedagóxica do centro, elabora-las propostas do plan de orientación académica e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento deste plan.
- c) Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade do alumnado e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- d) Diseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presenten os alumnos e alumnas.
- e) Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- f) Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que o alumnado poida afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- g) Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- h) Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.
- i) Co obxecto de potenciar estratexias de actuación conxuntas, promove-l a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos: estimulación da motivación e intereses; adquisición de hábitos de hixiene e de autonomía; desenvolvemento motriz e da linguaxe; relacións interpersoais e aqueloutros aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.
- l) Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- m) Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.